

SEMINARIO

O mundo empresarial Novos modelos a nivel mundial

DOCENTE: Eva López Barrio

Campus de Santiago de Compostela

Universidade de Santiago de Compostela

DATAS:

- **26 de novembro de 2025 e 3 e 10 de decembro de 2025 de 12h a 14h**

- Campus Vida

Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **25 €**

Externos ao programa: **29.41 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 30 de outubro ata o 12 de novembro de 2025.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual na seguinte ligazón:

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=15056>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15

INTRODUCCIÓN

O contexto económico e social actual está a transformar profundamente a maneira de entender a empresa e o consumo. O impacto ambiental, as desigualdades sociais e a crise dos coidados obrigan a repensar os modelos produtivos e de consumo desde unha perspectiva máis ética, sostible e centrada nas persoas.

Neste seminario abordaranse novos modelos empresariais que poñen o benestar das persoas e do planeta no centro, promovendo unha economía circular, xusta e viable, pero nunca a costa de abusos laborais, ambientais ou sociais.

OBXECTIVOS

- Analizar as principais tendencias e modelos emerxentes no ámbito empresarial a nivel global.
- Reflexionar sobre o papel das persoas consumidoras e a responsabilidade social das empresas.
- Coñecer boas prácticas en consumo responsable, economía circular e produción sustentable.
- Promover unha mirada crítica sobre o consumo excesivo, o impacto das redes sociais e as súas consecuencias na saúde mental.
- Favorecer o debate sobre o equilibrio entre rendibilidade económica e benestar social e ambiental.

CONTIDOS

- As persoas no centro das organizacións: empresas con propósito e responsabilidade social.
- consumo irresponsable e os seus impactos: fast fashion, publicidade e cultura do descarte.
- Alternativas sostibles: consumo de proximidade, compra km 0 e produtos de tempada.
- Cara a unha cadea alimentaria xusta e unha economía circular real.
- Empresas viables e éticas: modelos de negocio sostibles e finanzas responsables.
- Contaminación e impacto ambiental das actividades empresariais.
- consumo excesivo, as redes sociais e o aumento das enfermidades psicolóxicas e psiquiátricas.
- Exemplos inspiradores: proxectos empresariais con impacto positivo en Galicia e no mundo.

METODOLOXÍA

O seminario combinará exposicións breves con espazos de debate participativo, estudo de casos reais e análise de materiais audiovisuais. Fomentarase a reflexión crítica e o intercambio de experiencias entre o alumnado, promovendo a aprendizaxe colaborativa.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Raworth, K. (2017). A economía do dónut: sete maneiras de pensar como un economista do século XXI.

PNUD (2023). Informe sobre desenvolvemento humano e sostibilidade.

Klein, N. (2020). Non logo: economía, marcas e globalización.

B Lab Europe (2024). Empresas con propósito: modelos de impacto positivo.

García Campayo, J., Morillo Sarto, H., Demarzo, M., & López-Montoyo, A. (2022).

Mindful Eating: El sabor de la atención. Editorial Siglantana.